

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á XUNTA DIRECTIVA DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

*De conformidade coa regulamentación contemplada no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, a Xunta Directiva na súa xuntanza celebrada o 8 de febreiro de 2023 acordou realizar a **Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección** de acordo coas seguintes disposicións:*

1.- CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS

a) Data e ámbito.- Hoxe día 3 de xullo de 2023 envíase a todos os membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social a Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección, convocatoria que se efectúa con tres meses de antelación ao día da súa realización que se realizará no marco da Asemblea de Socios/as. A Xornada Electoral celebrase o día 7 de outubro de 2023, sábado.

b) Cargos obxectos de elección.- A Xunta Directiva estará constituída polos cargos previstos no Artigo 23 do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os cargos electos son: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro /a e entre tres e cinco vogais.

c) Duración dos cargos.- Catro anos.

2.- DOS ELECTORES, ELIXIBLES E DAS CANDIDATURAS

a) Lista dos/as colexiados/as con dereito a voto.- Para todos os efectos electorais só serán electores e elixibles os/as colexiados/as adscritos/as ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que estean acreditados/as pola Sección de Psicoloxía da Intervención Social e formen parte da mesma o día da convocatoria das eleccións, é dicir, ata o día 3 de xullo de 2023. As comunicacións previstas ao longo de todo o procedemento electoral só se lle remitirán aos/ás mesmos/as e só estes/as estarán lexitimados/as para interpor reclamacións e recursos sobre o proceso electoral.

b) Candidaturas.- As candidaturas constarán de listas completas e pechadas con expresión da persoa proposta para cada cargo. Poderán presentarse candidaturas no prazo de 45 días naturais contados desde o día da convocatoria de eleccións, é dicir, ata o

17 de agosto de 2023 inclusive, mediante escrito dirixido á Comisión Electoral. Ademais da expresión de cargos a candidatura pode incluír a proposta de programa para a Sección.

c) Proclamación.- A partir dos 45 días referidos no apartado anterior, e no prazo dos cinco días seguintes a Comisión Electoral constituída no momento da convocatoria de eleccións, proclamará as candidaturas validamente presentadas, rematando o prazo o día 24 de agosto de 2023 e notificándose a proclamación provisional a todos os membros da Sección.

Fronte a esta decisión e no prazo de cinco días a contar desde a proclamación de candidaturas, calquera colexiado/a membro da Sección poderá presentar reclamación á proclamación realizada, mediante carta dirixida ao presidente da Comisión Electoral. Esta Comisión resolverá nos seguintes cinco días as reclamacións realizando a proclamación definitiva das candidaturas.

A Comisión Electoral enviará a todos os membros da Sección, un mes antes das eleccións, información sobre as candidaturas definitivas e, se fose o caso, das súas propostas de programas.

3.- MESA ELECTORAL

A Mesa Electoral será elixida pola Asemblea de Socios/as da Sección no marco da súa reunión anual que se celebrará o sábado, día 7 de outubro de 2023. Os cargos de elección serán: presidente/a, secretario/a, e dous/dúas vogais coas funcións que lle son propias. Tamén poderán participar nela un/unha interventor/ora por cada candidatura, con voz e sen voto.

... / ...

4.- DAS ELECCIÓNS

a) Marco das Eleccións.- As Eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social efectuaranse no marco da Asemblea de Socios/as da Sección, que será convocada pola presidenta da Sección cunha antelación mínima dun mes á súa realización mediante comunicación persoal dirixida a todos os membros acreditados da Sección.

b) Horario e local.- Na comunicación persoal á que fai referencia o parágrafo anterior especificarase debidamente o horario e local onde se desenvolverá o proceso electoral.

c) Procedemento de votación.- Os membros da Sección exercerán o seu dereito ao voto nas papeletas oficiais autorizadas polo Colexio. O réxime electoral será equivalente ao contemplado nos Estatutos para a Elección da Xunta de Goberno, non se contemplará a delegación do voto e para o voto por correo seguirase o procedemento establecido no Artigo 41 dos estatutos colexiais.

O escrutinio será público e terá lugar inmediatamente rematada a votación. Contabilizaranse os votos por candidatura completa, elixíndose a candidatura máis votada. Repetirase a votación no caso de empate entre candidaturas.

Serán nulas as papeletas que conteñan riscaduras, emendas ou modificacións que puideran inducir a erro, e os sobres que conteñan máis dunha papeleta.

O/A secretario/a da Mesa Electoral co visto e prace do/a presidente da Mesa Electoral levantará acta do proceso electoral e das incidencias e reclamacións se fose o caso. No prazo de 24 horas o/a secretario/a remitirá ao/á presidente/a da Comisión Electoral a Acta da votación e a lista de votantes.

d) Voto persoal.- Mediante identificación e comprobación na lista electoral.

O/A secretario/a da Mesa anotará na lista o/a colexiado/a que deposite o seu voto. A identificación efectuarase mediante DNI ou carné de colexiado/a, depositándose a continuación o voto na urna precintada. Máis información nas normas de voto axuntas.

5.- NORMATIVA ELECTORAL

* Regulamento de Réxime Interior da Sección de *Psicoloxía da Intervención Social*.

Artigo 4: do 4.3 ao 4.9 (ambos os dous incluídos).

* Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo IV. Artigos 23 e 24.

• Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo VIII. Artigos 46, 47, 48, 50, 51, 52, 53 e 54.

6.- RESULTADOS E RECLAMACIÓNS

A Comisión Electoral unha vez recibida a Acta de Votación:

a) Resolverá con carácter definitivo as reclamacións dos/as interventores/oras e demais incidencias que figuren na Acta.

b) Proclamará o resultado total das eleccións.

c) Os/As colexiados/as membros da Sección poderán presentar recurso de reposición contra as decisións da Comisión Electoral ante a mesma no prazo de 1 mes a partir da data de adopción da decisión recorrida, sen prexuízo dos demais recursos previstos na lei.

7.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA

a) Será proclamada como nova Xunta Directiva a candidatura máis votada que tomará posesión nun prazo máximo de dous meses.

b) A Comisión Electoral comunicará os resultados das eleccións aos/ás socios/as da Sección e á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

En Santiago de Compostela a 3 de xullo de 2023.

**A PRESIDENTA DA XUNTA
DIRECTIVA DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN
SOCIAL**